


Guía de axudas para a vivenda

6 de xuño de 2022




Para facilitar á cidadanía e ás entidades locais da Provincia de Pontevedra o acceso ás axudas e subvencións existentes na actualidade en materia de vivenda, a Oficina de Proxectos Europeos da Deputación de Pontevedra ven de elaborar esta Guía de referencia. Nela recóllense as diversas axudas existentes- convocadas ou pendentes de convocatoria-, tanto para reformas e rehabilitación de vivendas e edificios, como para acadar unha maior eficiencia enerxética, ofrecer novas solucións residenciais ou axudas ao alugueiro e á compra de vivendas, entre outras.

Nesta Guía atoparedes as axudas pertencentes aos diferentes plans postos en marcha desde o Goberno do Estado, en particular, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), así coma as que se convocan ao abeiro do Plan estatal de Acceso á Vivenda (PEAV). De xeito que toda a información poda ser atopada nun mesmo espazo, as axudas aparecen desagregadas entre aquelas de interese para a cidadanía e as que están enfocadas a entidades locais e outros organismos públicos.

Á hora de solicitar unha axuda e elixir aquela que sexa máis adecuada para cada proxecto é importante ter en conta cuestións coma o tipo de intervención que se quere levar a cabo, a edificación, a súa situación, etc. Nas páxinas desta guía recóllense as axudas coa información detallada sobre o seu obxecto, os requisitos que deben cumprirse, o financiamento ou as persoas e entidades beneficiarias. En calquera caso, debe atenderse sempre ás bases reguladoras e as convocatorias das axudas, así como aos requisitos específicos que marquen os diarios oficiais, a fin de ter sempre a información máis idónea e actualizada posible.

Axudas para a cidadanía



As axudas para a vivenda destinadas á cidadanía son preto de vinte. Entre elas, atoparedes subsidios para rehabilitar vivendas, para mellorar a eficiencia enerxética de vivendas e edificios, para axudar co prezo do alugueiro ou para a compra de vivendas en municipios pequenos.

Á hora de seleccionar unha axuda cómpre ter en conta que o financiamento dependerá do programa concreto ao que se acolla cada persoa, así como dos requisitos específicos cos que cumpra para poder gozar dela.

Ademais, é importante lembrar que as persoas que opten por rehabilitar a súa vivenda poderán gozar de importantes beneficios fiscais, entre os que se atopan varias deducións, reducións de gravames, tributacións con IVE reducido do 10 % ou tributacións fiscais especiais.

ÍNDICE AXUDAS PARA A CIDADANÍA

06 Axudas alugueiro

- Bono Alugueiro Novo
- Programa de axuda ao alugueiro de vivenda
- Programa de axuda ás vítimas de violencia de xénero, persoas obxecto de desafiuzamento da súa vivenda habitual, persoas sen fogar e outras persoas especialmente vulnerables
- Programa de axuda ás persoas arrendatarias en situación de vulnerabilidade sobrevivida
- Programa de axuda ás persoas mozas e para contribuír ao reto demográfico. Axuda ao Alugueiro

11 Rehabilitación



- Programa de axudas para actuacións de rehabilitación enerxética en edificios existentes en municipios de reto demográfico (PREE 5000)



- Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de edificio



- Programa de axuda á elaboración do Libro do Edificio Existente para a rehabilitación e a redacción de proxectos de rehabilitación
- Programa de mellora da accesibilidade en e ás vivendas

15 Eficiencia enerxética



- Programa de axuda ás actuacións de mellora da eficiencia enerxética en vivendas

16 Compra vivenda

- Programa de axuda ás persoas mozas e para contribuír ao reto demográfico. Axuda á compra en municipios ou núcleos de poboación igual ou inferior a 10.000 habitantes

17 Axudas ao arrendador/a

- Programa de fomento da posta ao dispor das comunidades autónomas e concellos de vivendas para o seu alugueiro como vivenda alcanzable ou social
- Programa de axuda ao pago do seguro de protección da renda arrendaticia

19 Promoción da vivenda

- Programa de fomento de vivenda para persoas maiores ou persoas con discapacidade
- Programa de fomento de aloxamentos temporais, de modelos cohousing, de vivendas internacionais e modalidade similares

21 Préstamos

- Programa de subsidiación de préstamos convidos

22 Beneficios fiscais

- Dedución do 20% para a redución da demanda de calefacción e refrixeración
- Dedución do 40% para reducir o consumo de enerxía primaria non renovable
- Dedución do 60% para a mellorar enerxética de edificios residenciais
- IVE Reducido Tributación tipo reducido 10%
- Redución gravame. Redución do gravame do 10%

27 ... AXUDAS PARA PARA AS ENTIDADES LOCAIS

Bono alugueiro novo



PROGRAMA: Bono Alugueiro Novo.
Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana
ORGANISMO CONVOCANTE: Instituto Galego de Vivenda e Solo



<https://www.boe.es/buscar/pdf/2022/BOE-A-2022-802-consolidado.pdf>



OBXECTO

Facilitar o goce dunha vivenda ou habitación en réxime de alugueiro ou de cesión de uso ás persoas mozas con escasos medios económicos, mediante o outorgamento de axudas directas.



REQUISITOS

- ✓ Arrendamentos de ata 600 €/mes ou, en caso de alugueiro de habitación, ata 300 €/mes.
- ✓ Poderá incrementarse ata 900 €/mes e 450 €/mes, respectivamente, previo acordo entre Ministerio e CC. AA.



FINANCIAMENTO

250 €/mes durante un prazo de 2 anos.
Axuda total: 6.000 € repartida en 24 mensualidades.



PERSOAS BENEFICIARIAS

Mozos ata 35 anos incluídos, con fonte regular de ingresos (vida laboral de > 3 meses nos 6 meses anteriores á solicitude ou prevista unha fonte de ingresos para os próximos 6 meses) e cuxa unidade de convivencia teña ingresos < x3 IPREM.



Programa de axuda ao alugueiro de vivenda



PROGRAMA: Programa 2 do Plan Estatal de Acceso á Vivenda (PEAV).
Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana
ORGANISMO CONVOCANTE: Instituto Galego de Vivenda e Solo



<https://www.boe.es/buscar/pdf/2022/BOE-A-2022-802-consolidado.pdf>



OBXECTO

Axudas para o goce dunha vivenda en réxime de alugueiro ou de cesión de uso.



FINANCIAMENTO

Ata 50 % do prezo do alugueiro por 5 anos



REQUISITOS

- ✓ Límite do alugueiro con carácter xeral ata 600 €/mes ou ata 300 €/mes para alugueiro de habitación. Ata 900 € ou 450 € en alugueiro de habitación en determinados supostos previo acordo da Comisión de Seguimento.



PERSOAS BENEFICIARIAS

Persoas arrendatarias cuxa unidade de convivencia teña ingresos < x3 IPREM, < x4 IPREM en familias numerosas e < x5 IPREM familias numerosas cat. especial ou discapacidade grao > 33%.



Programa de axuda ás vítimas de violencia de xénero, persoas obxecto de desafiuzamento da súa vivenda habitual, persoas sen fogar e outras persoas especialmente vulnerables

PROGRAMA: Programa 3 do Plan Estatal de Acceso á Vivenda (PEAV).
Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana
ORGANISMO CONVOCANTE: Instituto Galego de Vivenda e Solo

<https://www.boe.es/buscar/pdf/2022/BOE-A-2022-802-consolidado.pdf>

Axudas alugueiro



OBJECTO

Facilitar solución habitacional inmediata para vítimas de violencia de xénero, persoas obxecto de desafiuzamento da súa vivenda habitual, persoas sen fogar e outras persoas especialmente vulnerables.



REQUISITOS

- ✓ Alugueiro de ata 600 €/mes, 900 € en determinados supostos previo acordo da Comisión de Seguimento.
- ✓ Axuda directa para gastos de mantemento, comunidade e subministracións básicas de ata 200 €/mes ata o 100 % dos gastos.



FINANCIAMENTO

Ata o 100 % do prezo do alugueiro e 100 % dos gastos por un prazo de 5 anos.



PERSONAS BENEFICIARIAS

- ➔ Vítimas de violencia de xénero
- ➔ Persoas que fosen obxecto de desafiuzamento
- ➔ Persoas sen fogar
- ➔ Outras persoas especialmente vulnerables

08



Programa de axuda ás persoas arrendatarias en situación de vulnerabilidade sobrevinda



PROGRAMA: Programa 4 do Plan Estatal de Acceso á Vivenda (PEAV).
Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana
ORGANISMO CONVOCANTE: Instituto Galego de Vivenda e Solo



<https://www.boe.es/buscar/pdf/2022/BOE-A-2022-802-consolidado.pdf>

Axudas alugueiro



OBXECTO

Apoiar a persoas arrendatarias de vivenda habitual no suposto de vulnerabilidade sobrevinda.



REQUISITOS

- ✓ Vulnerabilidade sobrevinda nos 2 anos anteriores á solicitude da axuda
- Ingresos da unidade de convivencia < x3 IPREM, unha redución de ingresos mínima do 20 % e renda arrendaticia maior ao 30 % dos ingresos netos da unidade de convivencia.



FINANCIAMENTO

Ata 100% do prezo do alugueiro mentres se manteña a situación de vulenabilidade.



PERSOAS BENEFICIARIAS

Unidades de convivencia con ingresos anteriores á situación de vulnerabilidade < x5 IPREM e posteriores a < x3 IPREM (x5,5 IPREM familias numerosas e x6 IPREM familia numerosa especial ou discapacidade >33 %), ter unha redución de ingresos neto >20 % e destinar ao alugueiro >30 % ingresos unidade.


09



Programa de axuda ás persoas mozas e para contribuír ao reto demográfico. Axuda ao Alugueiro



PROGRAMA: Programa 5.1 do Plan Estatal de Acceso á Vivenda (PEAV).
Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana
ORGANISMO CONVOCANTE: Instituto Galego de Vivenda e Solo

 <https://www.boe.es/buscar/pdf/2022/BOE-A-2022-802-consolidado.pdf>

Axudas alugueiro



OBXECTO

Axuda ao alugueiro para vivenda habitual e permanente de persoas mozas.



FINANCIAMENTO

Límite da axuda ata 60 % renda mensual. Compatible co Bono Alugueiro Novo: neste caso a axuda é de ata o 40 % da diferenza entre o alugueiro da vivenda e a axuda do Bono Alugueiro Novo, co límite conxunto do 75 % da renda do alugueiro.



REQUISITOS

- ✓ Alugueiro ata 600 €/mes e ata 300 €/mes para alugueiro de habitación (ata 900 € ou ata 450 € en alugueiro de habitación para determinados supostos previo acordo da Comisión de Seguimento).



PERSOAS BENEFICIARIAS


- ➔ Persoas mozas ata 35 anos residentes en núcleos de poboación menores a 10.000 habitantes.

10



Programa de axudas para actuacións de rehabilitación enerxética en edificios existentes en municipios de reto demográfico (PREE 5000)*

PROGRAMA: Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico
ORGANISMO CONVOCANTE: Instituto Galego de Vivenda e Solo

 https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20211104/AnuncioC3Q2-261021-0001_es.html
*Estas axudas non se integrarán na base impoñible do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas



OBXECTO

Mellora de eficiencia enerxética da envolvente e das instalacións.

- T1: Illamento de fachadas e cubertas, substitución ou mellora das xanelas e portas exteriores, etc.
- T2: Substitución de instalacións de enerxía fósil por caldeira biomasa, bombas de calor, solar térmica, etc.
- T3: Mellora enerxética dos sistemas de iluminación en zonas comúns de edificios de vivendas con algunha actuación do 1 ou 2.



REQUISITOS

- ✓ Os edificios ou vivendas deben estar situados en municipios de reto demográfico (ata 5.000 habitantes ou ata 20.000 habitantes si todas as entidades singulares de poboación teñen menos de 5.000 habitantes)
- ✓ Ser construídos con anterioridade a 2007 e de uso residencial.
- ✓ As actuacións deben reducir, polo menos, o 30 % de consumo de enerxía primaria non renovable e subir unha ou máis letras na escala de cualificación enerxética.



FINANCIAMENTO

A contía das axudas para cada unha das tipoloxías de actuacións subvencionables está establecida nos anexos I e IV do Real decreto 691/2021, do 3 de agosto.



PERSOAS BENEFICIARIAS

- ➔ Persoas físicas ou xurídicas de natureza privada propietarias de vivendas unifamiliares ou de edificios de tipoloxía residencial colectiva de vivenda existentes.
- ➔ Comunidades de persoas propietarias ou as agrupacións de comunidades de persoas propietarias de edificios residenciais de uso vivenda.
- ➔ Persoas propietarias que, de forma agrupada, sexan propietarias de edificios que reúnan os requisitos establecidos no artigo 396 do Código Civil e non outorgasen o título constitutivo de propiedade horizontal.



Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de edificio*

PROGRAMA: Programas de Axudas en materia de rehabilitación residencial e vivenda social (RD 853/2021) do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana

ORGANISMO CONVOCANTE: Instituto Galego de Vivenda e Solo



https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220516/AnuncioC3Q2-060522-0003_gl.html

*Estas axudas non se integrarán na base impoñible do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas



OBXECTO

Financiamento (no ámbito rural ou urbano) de obras ou actuacións nos edificios de uso predominante residencial nas que se obteña unha mellora acreditada da eficiencia enerxética, con especial atención á envolvente edificatoria.



FINANCIAMENTO

Cofinanciamento entre o 40 % e o 80 % en función da porcentaxe de aforro enerxético conseguido. Importe máximo da axuda a calcular segundo os criterios do artigo 34 do RD 853/2021, de 5 de outubro (ata 18.800 € por vivenda).



REQUISITOS

- ✓ Os edificios ou vivendas teñen que ser existentes e de uso residencial vivenda e, si comparten outros usos co residencial, o 50 % da superficie sobre rasante, descontando as plantas inferiores con outros usos compatibles, ten que estar dedicada a uso de vivenda.
- ✓ As actuacións deben reducir o consumo de enerxía primaria non renovable polo menos un 30 % ou a demanda enerxética un 25 % en edificios situados en zona climática C e un 35 % se está nunha zona climática D ou E.



PERSOAS BENEFICIARIAS

Persoas físicas propietarias ou as súas agrupacións, persoas xurídicas propietarias, comunidades de persoas ou agrupacións de comunidades e cooperativas.



Por orde de entrada
Fin de prazo 30/11/2022

Programa de axuda á elaboración do Libro do Edificio Existente para a rehabilitación e a redacción de proxectos de rehabilitación*

PROGRAMA: Programas de Axudas en materia de rehabilitación residencial e vivenda social (RD 853/2021) do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana

ORGANISMO CONVOCANTE: Instituto Galego de Vivenda e Solo

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220516/AnuncioC3Q2-060522-0001_es.html
*Estas axudas non se integrarán na base impoñible do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas



OBXECTO

Impulso á implantación e xeneralización do Libro do Edificio existente para a rehabilitación para activar a demanda dunha rehabilitación enerxética significativa e de alta calidade, que permita cumprir os obxectivos europeos e impulse a actividade do sector.



REQUISITOS

- ✓ Os edificios ou vivendas deben ser existentes, de uso residencial e finalizados antes do 2000. Se comparten outros usos co residencial, o 50 % da superficie sobre rasante, descontando as plantas inferiores con outros usos compatibles, ten que estar dedicada a uso de vivenda.



FINANCIAMENTO

O importe máximo da axuda varía en función da actuación a desenvolver. No caso da elaboración de Libros do Edificio Existente para a rehabilitación:

- a) Vivendas unifamiliares e edificios plurifamiliares de ata 20 vivendas: 700 euros, máis 60 euros por vivenda.
- b) Edificios plurifamiliares de máis de 20 vivendas: 1.100 euros, máis 40 euros por vivenda. Contía máxima de 3.500 euros.

En proxectos técnicos de rehabilitación integral de edificios:

- a) Vivendas unifamiliares e edificios plurifamiliares de ata 20 vivendas: 4.000 euros, máis 700 euros por vivenda.
- b) Edificios plurifamiliares de máis de 20 vivendas: 12.000 euros, máis 300 euros por vivenda. Contía máxima de 30.000 euros.



PERSOAS BENEFICIARIAS


Persoas físicas propietarias ou as súas agrupacións, persoas xurídicas propietarias e comunidades de persoas propietarias (CCPP) ou agrupacións de CCPP.



Por orde de entrada
Fin de prazo 30/11/2022

Programa de mellora da accesibilidade en e ás vivendas

PROGRAMA: Programa 11 do Plan Estatal de Acceso á Vivenda (PEAV).
Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana
ORGANISMO CONVOCANTE: Instituto Galego de Vivenda e Solo

 <https://www.boe.es/buscar/pdf/2022/BOE-A-2022-802-consolidado.pdf>



OBXECTO

Mellora da accesibilidade ás vivendas e ao interior das mesmas.



REQUISITOS

- ✓ As vivendas e edificios de tipoloxía residencial colectiva finalizados antes de 2006.



PERSOAS BENEFICIARIAS

- ➔ Persoas propietarias ou usufrutuaras de vivendas, comunidades de persoas propietarias, sociedades cooperativas, empresas construtoras, arrendatarias ou concesionarias dos edificios; administracións públicas e os organismos e demais entidades de dereito público.



FINANCIAMENTO

Taxa de cofinanciamento do 60 % do custo da actuación.
Importe máximo da axuda:

- ata 12.500 €/vivenda para vivendas unifamiliares.

- ata 9.000 €/vivenda e 90 €/m² de superficie construída de local comercial para edificios de tipoloxía residencial colectiva.

- ata 6.000 €/vivenda para vivendas situadas en edificios de tipoloxía residencial colectiva.


Poderase incrementar ata 15.000 € para persoas con discapacidade ou 18.000€ para discapacidade > 33%. Poderase incrementar en 3.000 €/vivenda para edificios declarados BIC, catalogados ou con protección.



Programa de axuda ás actuacións de mellora da eficiencia enerxética en vivendas*

PROGRAMA: Programas de Axudas en materia de rehabilitación residencial e vivenda social (RD 853/2021) do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana

ORGANISMO CONVOCANTE: Instituto Galego de Vivenda e Solo

 https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220303/AnuncioC3Q2-180222-0002_es.html

*Estas axudas non se integrarán na base imponible do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas



OBXECTO

Realización de pequenas actuacións para a mellora de eficiencia enerxética, como cambio de xanelas ou outras obras de menor entidade.



FINANCIAMENTO

O custo mínimo da actuación é de 1.000 €, sendo a porcentaxe máxima de subvención do 40 %.
Importe máximo de 3.000 € por vivenda.



REQUISITOS

- ✓ Os edificios ou vivendas deben ser o domicilio habitual da persoa beneficiaria, existentes e de uso residencial da vivenda.
- ✓ Debe reducirse polo menos o 30 % do consumo de enerxía primaria non renovable ou a demanda enerxética máis dun 7 %. No caso de substitución ou mellora de fachada ou xanelas, adecuar as súas condicións á normativa.



PERSOAS BENEFICIARIAS


Persoas físicas propietarias, usufrutuarias ou arrendatarias de vivendas.



Programa de axuda ás persoas mozas e para contribuír ao reto demográfico. Axuda á compra en municipios ou núcleos de poboación igual ou inferior a 10.000 habitantes



PROGRAMA: Programa 5.2. do Plan Estatal de Acceso á Vivenda (PEAV).
Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana
ORGANISMO CONVOCANTE: Instituto Galego de Vivenda e Solo

 <https://www.boe.es/buscar/pdf/2022/BOE-A-2022-802-consolidado.pdf>

Compra vivenda



OBXECTO

Axuda á compra de vivenda habitual e permanente de persoas mozas.



FINANCIAMENTO

Importe máximo da axuda: 10.800 € con límite do 20 % do prezo de adquisición.



REQUISITOS

- ✓ Prezo de adquisición inferior a 120.000 €.
- ✓ Debe ser domicilio habitual e permanente durante un mínimo de 5 anos e estar nun municipio ou núcleo de poboación igual ou inferior a 10.000 habitantes.



PERSOAS BENEFICIARIAS

- ➔ Persoas mozas ata 35 anos residentes en núcleos de poboación menores a 10.000 habitantes.

16



Programa de fomento da posta ao dispor das comunidades autónomas e concellos de vivendas para o seu alugueiro como vivenda alcanzable ou social

PROGRAMA: Programa 10 do Plan Estatal de Acceso á Vivenda (PEAV).
Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana
ORGANISMO CONVOCANTE: Instituto Galego de Vivenda e Solo

<https://www.boe.es/buscar/pdf/2022/BOE-A-2022-802-consolidado.pdf>

Axudas ao arrendador



OBXECTO

Fomentar a posta a disposición ou a incorporación a programas de mobilización de vivendas vacías das CC.AA. e concellos (entre outros) destinadas ao seu alugueiro como vivenda alcanzable ou social.



REQUISITOS

- ✓ As vivendas deberán ser destinadas ao arrendamento alcanzable ou social por un prazo superior a 7 anos.
- ✓ Require acordo de cesión polas persoas ou entidades titulares ás CC. AA. , entidades locais ou ás súas entidades dependentes ou vinculadas.
- ✓ Só poderán ser arrendadas a persoas que consten nos rexistros de demandantes de vivendas en alugueiro, xa sexan autonómicos ou locais, cuxas rendas anuais sexan < x5 IPREM.



FINANCIAMENTO

Axuda equivalente á metade da diferenza entre o alugueiro social que determine a comunidade autónoma e o prezo de mercado.

Ata 8.000 €/vivenda ou 75 % do custo se necesita obras de habitabilidade ou accesibilidade.



PERSOAS BENEFICIARIAS

- ➔ Persoas ou entidades propietarias de vivendas que as cedan ás CC. AA., entidades locais ou ás súas entidades dependentes ou vinculadas, así como a entidades e fundacións sen ánimo de lucro en cuxos estatutos figure a promoción e/ou xestión de vivendas protexidas, para ser destinadas ao arrendamento alcanzable ou social.




Pendente de convocatoria

Programa de axuda ao pago do seguro de protección da renda arrendaticia

PROGRAMA: Programa 13 do Plan Estatal de Acceso á Vivenda (PEAV).
Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana.

ORGANISMO CONVOCANTE: Instituto Galego de Vivenda e Solo

 <https://www.boe.es/buscar/pdf/2022/BOE-A-2022-802-consolidado.pdf>

Axudas ao arrendador



OBXECTO

Concesión de axudas aos propietarios arrendatarios de vivendas para o pago dun seguro de protección da renda.



FINANCIAMENTO

Ata 5 % da renda arrendaticia anual, sen poder superar o custo do correspondente seguro de protección da renda arrendaticia, por prazo dun ano.



REQUISITOS

- ✓ O importe mínimo asegurado terá que ser a renda arrendaticia anual.



PERSOAS BENEFICIARIAS


- ➔ Propietarias arrendadoras de vivendas ou as arrendatarias titulares dun contrato de arrendamento de vivenda ou dun contrato de cesión de uso ou de arrendamento ou cesión de uso dunha habitación que constituía a residencia habitual e permanente da persoa arrendataria.

18



Programa de fomento de vivendas para persoas maiores ou persoas con discapacidade

PROGRAMA: Programa 7 do Plan Estatal de Acceso á Vivenda (PEAV).
Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana
ORGANISMO CONVOCANTE: Instituto Galego de Vivenda e Solo

 <https://www.boe.es/buscar/pdf/2022/BOE-A-2022-802-consolidado.pdf>



OBXECTO

Promocionar aloxamentos ou vivendas con instalacións, servizos e zonas de interrelación para persoas maiores e con discapacidade destinadas ao alugueiro de titularidade pública ou privada.



REQUISITOS

- ✓ Destinado ao alugueiro durante 20 anos como mínimo. As vivendas deberán ter unha cualificación enerxética mínima A e contar con zonas de interrelación e varios servizos mínimos.
- ✓ Só poderán ser arrendadas ou cedidas a persoas maiores de sesenta e cinco anos ou persoas con discapacidade cuxas rendas da unidade de convivencia sexan < x5 IPREM.



FINANCIAMENTO

Taxa de cofinanciamento máxima do 50 %.
Importe máximo de 700 €/m², con límite de 50.000 €/vivenda.



PERSOAS BENEFICIARIAS

- ➔ Persoas físicas. Administracións públicas, organismos públicos e demais entidades de dereito público e privado. Empresas públicas, empresas privadas, empresas público-privadas e sociedades mercantís participadas maioritariamente polas Administracións públicas.
- ➔ Fundacións, empresas de economía social e as súas asociacións, cooperativas, incluídas as de autopromoción ou autoconstrución, e organizacións non gobernamentais e asociacións declaradas de utilidade pública.



Programa de fomento de aloxamentos temporais, de modelos cohousing, de vivendas interxeracionais e modalidades similares

PROGRAMA: Programa 8 de Plan Estatal de Acceso á Vivenda (PEAV).
Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana
ORGANISMO CONVOCANTE: Instituto Galego de Vivenda e Solo

<https://www.boe.es/buscar/pdf/2022/BOE-A-2022-802-consolidado.pdf>



OBJECTO

Facilitar a posta ao dispor de novas tipoloxías residenciais con maiores espazos de interrelación. Promocións de aloxamentos de nova construción ou rehabilitación de edificios, así como as promocións de modalidades residenciais tipo cohousing de vivendas interxeracionais.



REQUISITOS

- ✓ As vivendas deberán ter unha cualificación enerxética mínima A e contar con espazos comúns e de interrelación. Só poderán ser arrendadas ou cedidas a persoas cuxas rendas da unidade de convivencia sexan < x5 IPREM.



FINANCIAMENTO

Taxa de cofinanciamento: máximo 50 % do investimento.
Importe máximo da axuda: Ata 420 €/m². Límite de 50.000 €/vivenda.



PERSONAS BENEFICIARIAS

- ➔ Administracións públicas, organismos públicos e demais entidades de dereito público; empresas públicas, privadas e público-privadas. Fundacións, empresas de economía social e as súas asociacións, cooperativas de autopromoción ou autoconstrución, organizacións non gobernamentais e asociacións declaradas de utilidade pública. Persoas físicas maiores de idade.



Programa de subsidiación de préstamos convidos



PROGRAMA: Programa 1 do Plan Estatal de Acceso á Vivenda (PEAV).
Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana
ORGANISMO CONVOCANTE: Instituto Galego de Vivenda e Solo



<https://www.boe.es/buscar/pdf/2022/BOE-A-2022-802-consolidado.pdf>



OBXECTO

Atender o pago das axudas de subsidiación de préstamos convidos, regulados en anteriores plans estatais de vivenda.



PERSOAS BENEFICIARIAS


Persoas beneficiarias de axudas de subsidiación de préstamos convidos no marco dos plans estatais de vivenda anteriores.

21



Deducción do 20% para a redución da demanda de calefacción e refrixeración*

*As diferentes deducións non son compatibles na mesma obra.

 <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2021-16230>



CONCEPTO

Vivenda habitual, alugada ou en expectativa de alugueiro.



BASE MÁXIMA DE DEDUCCIÓN

5.000 €/ano.



REQUISITOS

- ✓ Redución da demanda de calefacción e refrixeración de, polo menos, un 7 %.
- ✓ Certificado expedido por técnico competente.




PERIODO DE APLICACIÓN

- ➔ No período impositivo no que se expida o certificado e sempre antes de 01/01/2023.

Dedución do 40% para reducir o consumo de enerxía primaria non renovable*

*As diferentes deducións non son compatibles na mesma obra.

 <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2021-16230>



CONCEPTO

Vivenda habitual, alugada ou en expectativa de alugueiro



REQUISITOS

- ✓ Redución do consumo de enerxía primaria non renovable de, polo menos, un 30 %, ou mellora da cualificación enerxética para obter unha clase A ou B. Certificado expedido por técnico competente.

Redución da demanda de calefacción e refrixeración de, polo menos, un 7 %.
Certificado expedido por técnico competente



BASE MÁXIMA DE DEDUCIÓN

7.500 €/ano.




PERIODO DE APLICACIÓN

- ➔ No período impositivo no que se expida o certificado e sempre antes de 01/01/2023.

Dedución do 60% para a mellora enerxética de edificios residenciais*

*As diferentes deducións non son compatibles na mesma obra.

 <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2021-16230>



CONCEPTO

Vivendas en edificios de uso predominantemente residencial.



REQUISITOS

- ✓ Redución do consumo de enerxía primaria non renovable de, polo menos, un 30 %, ou mellora da cualificación enerxética para obter unha clase A ou B. Certificado expedido por técnico competente.



BASE MÁXIMA DE DEDUCIÓN

5.000 €/ano.

A base máxima acumulada de dedución non pode superar os 15.000 €.




PERIODO DE APLICACIÓN

- ➔ Exercicios 2021, 2022 e 2023, en relación coas cantidades satisfeitas en cada un deles, sempre que se tivera expedido o certificado.
- ➔ Como máximo obterase antes do 01/01/24.

IVE Reducido

Tributación tipo reducido 10%

 <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1992-28740>

Obras de rehabilitación de edificios.

REQUISITOS

- ✓ Requisito cualitativo: Que máis do 50% do custo total do proxecto se corresponda con obras de consolidación ou tratamento de elementos estruturais, fachadas ou cubertas.
- ✓ Ademais, que o custo total exceda do 25% do prezo de adquisición ou do valor de mercado da edificación antes da súa rehabilitación.

Obras análogas ás de rehabilitación.

REQUISITOS

- ✓ Obras de adecuación estrutural que proporcionen á edificación condicións de seguridade construtiva.
- ✓ Obras de reforzo ou adecuación da cimentación; ampliación da superficie construída, sobre e baixo rasante.
- ✓ Reconstrución de fachadas e patios interiores, ou instalación de elementos elevadores, incluídos os destinados a salvar barreiras arquitectónicas.

Obras de renovación e reparación.

REQUISITOS

- ✓ Que se beneficie unha persoa física ou comunidade de persoas propietarias e utilice a vivenda a que se refiren as obras para o seu uso particular; que a construción ou rehabilitación da vivenda concluíse polo menos 2 anos antes do inicio das obras, e que a persoa que realiza as obras non achega materiais para a súa execución ou, se o fai, o seu custo non exceda do 40% da base imponible da operación.


Obras conexas.

REQUISITOS

- ✓ Se o custo total é inferior ao derivado das obras de consolidación ou tratamento de elementos estruturais, fachadas ou cubertas e, no seu caso, das obras análogas a estas, sempre que estean vinculadas a elas de forma indisoluble.

Redución gravame

Redución do gravame do 10%

 <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1992-28740>



CONCEPTO


Obras de renovación e reparación.



REQUISITOS

- ✓ Execucións de obras, con ou sen achega de materiais, consecuencia de contratos directamente formalizados entre a persoa promotora ou a/o contratista que teñan por obxecto a construción ou rehabilitación de edificacións ou partes das mesmas destinadas principalmente a vivendas.

Axudas para as entidades locais



Dentro dos diferentes programas cabe destacar tamén as axudas das que poden beneficiarse as entidades locais para mellorar edificios municipais ou para ofrecer á cidadanía novas tipoloxías residenciais máis adecuadas ás súas necesidades.

En xeral, as axudas poñen o aceno na rehabilitación dos edificios públicos e actúan, sobre todo, na súa eficiencia enerxética, accesibilidade, sostenibilidade ou conservación; ademais de ofrecerlles aos colectivos máis vulnerables solucións habitacionais, así como mellorar as áreas dos municipios que contan con infravivendas, co fin de garantir unha residencia digna para todas e todos os habitantes das diferentes localidades.

ÍNDICE AXUDAS PARA AS ENTIDADES LOCAIS

30 Rehabilitación



- Programa de impulso á rehabilitación de edificios públicos (PIREP)



- Programa de apoio ás oficinas de rehabilitación



- Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio
- Programa de mellora da accesibilidade en e ás vivendas
- Programa de axuda á erradicación de zonas degradadas, do chabolismo e a infravivenda

35 Promoción da vivenda



- Programa de axuda á construción de vivendas en aluguer social en edificios enerxeticamente eficientes
- Programa de incremento do parque público de vivendas
- Programa de fomento de vivendas para persoas maiores ou persoas con discapacidade
- Programa de fomento de aloxamentos temporais, de modo los cohousing, de vivendas interxeracionais e modalidade similares
- Programa de posta ao dispor de vivendas da SAREB e de entidades públicas para o seu alugueiro como vivenda alcanzable ou social

Programa de impulso á rehabilitación de edificios públicos (PIREP)



PROGRAMA: Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana

ORGANISMO CONVOCANTE: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.



<https://www.boe.es/boe/dias/2022/03/11/pdfs/BOE-A-2022-3851.pdf>



OBXECTO

Rehabilitación integral coas seguintes actuacións:

- Tipo A: Mellora da eficiencia enerxética (Obrigatoria).
- Tipo B: Mellora da sustentabilidade ambiental.
- Tipo C: Mellora da accesibilidade.
- Tipo D: Mellora da habitabilidade.
- Tipo E: Actuacións de conservación.



REQUISITOS

- ✓ Actuacións que supoñan como mínimo un aforro do 30 % do consumo de enerxía primaria non renovable e cuxa recepción de obra poida garantirse antes de marzo de 2026.
- ✓ Edificios de titularidade pública, destinados a uso público e con data de construción anterior ao 1 de xaneiro de 2009.



FINANCIAMENTO

Actuacións tipo A: 100 %.

Actuacións tipo B, C, D e E ata un máximo do 85 % e non poderán supoñer máis do 50 % da inversión das Actuacións tipo A.

Importe máximo da axuda: 3.000.000 €.



ENTES BENEFICIARIOS

Entidades locais



Programa de apoio ás oficinas de rehabilitación



PROGRAMA: Programas de Axudas en materia de rehabilitación residencial e vivenda social (RD 853/2021) do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana

ORGANISMO CONVOCANTE: Instituto Galego de Vivenda e Solo.



<https://www.boe.es/eli/es/rd/2021/10/05/853>



OBXECTO

Prestación do servizo de oficinas de rehabilitación co obxecto de coordinar, informar e facilitar a xestión das axudas e a prestación de servizos que contribúan á implementación e á xestión integral dos proxectos de rehabilitación enerxética no ámbito residencial.



FINANCIAMENTO

Taxa de cofinanciamento ata o 100 %.

Importe máximo ata 800 €/vivenda efectivamente rehabilitada a través do Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de edificio.



ENTES BENEFICIARIOS


Comunidades autónomas e entidades locais.



Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio

PROGRAMA: Programas de Ayudas en materia de rehabilitación residencial e vivenda social (RD 853/2021) do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana

ORGANISMO CONVOCANTE: Instituto Galego de Vivenda e Solo

 <https://www.boe.es/eli/es/rd/2021/10/05/853>




OBXECTO

Financiamento de obras de rehabilitación en edificios de uso predominante residencial e vivendas, e de urbanización ou reurbanización de espazos públicos dentro das Contornas Residenciais de Rehabilitación Programada (ERRP).



REQUISITOS

- ✓ Os edificios teñen que ser existentes e de uso residencial vivenda e estar situados en contornas programadas de rehabilitación, áreas de rehabilitación integral (ARI) ou áreas de rexeneración urbanas. As actuacións deben reducir o consumo de enerxía primaria non renovable polo menos un 30 % ou a demanda enerxética un 25 % en edificios situados en zona climática C e un 35 % se está nunha zona climática D ou E.



FINANCIAMENTO

Taxa de cofinanciamento entre o 40 % e o 80 % en función da porcentaxe de aforro enerxético. O importe máximo calcúlase segundo os criterios establecidos no artigo 15 do Real Decreto 853/2021, de 5 de outubro (ata 21.400 € por vivenda).



PERSOAS BENEFICIARIAS

Quen asuma a responsabilidade da execución integral do ámbito do ERRP delimitado para a actuación.



Programa de mellora da accesibilidade en e ás vivendas



PROGRAMA: Programa 11 do Plan Estatal de Acceso á Vivenda (PEAV).
Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana
ORGANISMO CONVOCANTE: Instituto Galego de Vivenda e Solo



<https://www.boe.es/buscar/pdf/2022/BOE-A-2022-802-consolidado.pdf>



OBXECTO

Mellora da accesibilidade ás vivendas e ao interior das mesmas.



REQUISITOS

- ✓ As vivendas e edificios de tipoloxía residencial colectiva finalizados antes de 2006.



ENTES BENEFICIARIOS

- ➔ Persoas propietarias ou usufrutuaras de vivendas, comunidades de persoas propietarias, sociedades cooperativas, empresas construtoras, arrendatarias ou concesionarias dos edificios; administracións públicas e os organismos e demais entidades de dereito público.



FINANCIAMENTO

Taxa de cofinanciamento do 60 % do custo da actuación.
Importe máximo da axuda:

- ata 12.500 €/vivenda para vivendas unifamiliares.

- ata 9.000 €/vivenda e 90 €/m² de superficie construída de local comercial para edificios de tipoloxía residencial colectiva.


- ata 6.000 €/vivenda para vivendas situadas en edificios de tipoloxía residencial colectiva.

Poderase incrementar ata 15.000 € para persoas con discapacidade ou 18.000€ para discapacidade > 33%.
Poderase incrementar en 3.000 €/vivenda para edificios declarados BIC, catalogados ou con protección.



Programa de axuda á erradicación de zonas degradadas, do chabolismo e a infravivenda

PROGRAMA: Programa 12 do Plan Estatal de Acceso á Vivenda (PEAV).
Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana
ORGANISMO CONVOCANTE: Instituto Galego de Vivenda e Solo

 <https://www.boe.es/buscar/pdf/2022/BOE-A-2022-802-consolidado.pdf>



OBXECTO

Financiamento de actuacións conxuntas de rehabilitación, renovación e nova edificación de vivendas, urbanización ou reurbanización das contornas das vivendas rehabilitadas, renovadas ou edificadas, realoxamentos e gastos profesionais, xestión, etc. para a erradicación de zonas degradadas.



REQUISITOS

- ✓ As CC. AA. remitirán as propostas de actuacións en zonas degradadas que pretendan financiar con cargo a este programa
- ✓ Prazo máximo de finalización das actuacións: 8 anos.



FINANCIAMENTO

Taxa de cofinanciamento dun máximo 80 %.

Importe máximo da axuda (acumulables):

- ata 5.000 €/anuais por unidade de convivencia a recoller.
- ata 5.000 €/vivenda que se adecúe, 15.000 €/vivenda que se rehabilite e 50.000€/vivenda nova que se adquira.

34



ENTES BENEFICIARIOS

Quen asuma a responsabilidade da execución integral da área delimitada pola actuación.



Programa de axuda á construción de vivendas en aluguer social en edificios enerxeticamente eficientes

PROGRAMA: Programas de Axudas en materia de rehabilitación residencial e vivenda social (RD 853/2021) do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana

ORGANISMO CONVOCANTE: Instituto Galego de Vivenda e Solo

 <https://www.boe.es/eli/es/rd/2021/10/05/853>

Promoción da vivenda



OBXECTO

Fomento e incremento do parque público de vivendas enerxeticamente eficientes destinadas ao alugueiro social ou a prezo alcanzable.

Promoción de vivendas de nova construción ou procedentes da rehabilitación de edificios non destinados actualmente a vivenda de alugueiro social ou cesión en uso.



REQUISITOS

- ✓ Destino da vivenda a alugueiro social ou cesión en uso durante un prazo mínimo de 50 anos. Garantir un consumo de enerxía primaria non renovable, como mínimo, inferior nun 20 % aos requisitos esixidos no Código Técnico de Edificación. As obras deberán estar finalizadas o 30 de xuño de 2026. Limitación do prezo do alugueiro.



FINANCIAMENTO

Importe máximo da axuda: ata 700 €/m² de superficie útil cun máximo de 50.000 € por vivenda.



ENTES BENEFICIARIOS

Administracións públicas, organismos públicos e empresas públicas, empresas público-privadas e sociedades mercantís participadas maioritariamente polas Administracións públicas.



Concurrencia non competitiva
Pendente de convocatoria

Programa de incremento do parque público de vivendas



PROGRAMA: Programa 6 do Plan Estatal de Acceso á Vivenda (PEAV).
Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana
ORGANISMO CONVOCANTE: Instituto Galego de Vivenda e Solo.



<https://www.boe.es/buscar/pdf/2022/BOE-A-2022-802-consolidado.pdf>

Promoción da vivenda



OBXECTO

Adquisición de vivenda para incrementar o parque público con destino ao alugueiro social.



REQUISITOS

- ✓ Destino ao alugueiro durante 50 anos como mínimo e deben ser vivendas cualificadas como de protección oficial. Só poderán ser arrendadas ou cedidas a arrendatarios con rendas da unidade de convivencia < x3 IPREM.



FINANCIAMENTO

Taxa de cofinanciamento máxima de 60 % do custo de adquisición de vivendas. E ata 6.000 €/vivenda ou 75 % do custo se necesita obras de habitabilidade ou accesibilidade.



ENTES BENEFICIARIOS


Administracións públicas, organismos públicos e entidades de dereito público, empresas públicas, empresas público-privadas e sociedades mercantís maioritariamente participadas polas Administracións públicas. Fundacións, empresas de economía social e as súas asociacións, cooperativas, ONGs e asociacións declaradas de utilidade pública.

36



Programa de fomento de vivendas para persoas maiores ou persoas con discapacidade

PROGRAMA: Programa 7 do Plan Estatal de Acceso á Vivenda (PEAV).
Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana
ORGANISMO CONVOCANTE: Instituto Galego de Vivenda e Solo

 <https://www.boe.es/buscar/pdf/2022/BOE-A-2022-802-consolidado.pdf>



OBXECTO

Promocionar aloxamentos ou vivendas con instalacións, servizos e zonas de interrelación para persoas maiores e con discapacidade destinadas ao alugueiro de titularidade pública ou privada.



REQUISITOS

- ✓ Destinado ao alugueiro durante 20 anos como mínimo. As vivendas deberán ter unha cualificación enerxética mínima A e contar con zonas de interrelación e varios servizos mínimos.
- ✓ Só poderán ser arrendadas ou cedidas a persoas maiores de sesenta e cinco anos ou persoas con discapacidade cuxas rendas da unidade de convivencia sexan < x5 IPREM.



FINANCIAMENTO

Taxa de cofinanciamento máxima do 50 %.
Importe máximo de 700 €/m², con límite de 50.000 €/vivenda.



ENTES BENEFICIARIOS


- ➔ Persoas físicas. Administracións públicas, organismos públicos e demais entidades de dereito público e privado. Empresas públicas, empresas privadas, empresas público-privadas e sociedades mercantís participadas maioritariamente polas Administracións públicas.
- ➔ Fundacións, empresas de economía social e as súas asociacións, cooperativas, incluídas as de autopromoción ou autoconstrución, e organizacións non gobernamentais e asociacións declaradas de utilidade pública.



Programa de fomento de aloxamentos temporais, de modelos cohousing, de vivendas interxeracionais e modalidades similares



PROGRAMA: Programa 8 do Plan Estatal de Acceso á Vivenda (PEAV).
Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana
ORGANISMO CONVOCANTE: Instituto Galego de Vivenda e Solo

 <https://www.boe.es/buscar/pdf/2022/BOE-A-2022-802-consolidado.pdf>



OBXECTO

Facilitar a posta ao dispor de novas tipoloxías residenciais con maiores espazos de interrelación. Promocións de aloxamentos de nova construción ou rehabilitación de edificios, así como as promocións de modalidades residenciais tipo cohousing de vivendas interxeracionais.



REQUISITOS

- ✓ As vivendas deberán ter unha cualificación enerxética mínima A e contar con espazos comúns e de interrelación. Só poderán ser arrendadas ou cedidas a persoas cuxas rendas da unidade de convivencia sexan < x5 IPREM.



FINANCIAMENTO

Taxa de cofinanciamento: máximo 50% do investimento.
Importe máximo da axuda: Ata 420 €/m². Límite de 50.000 €/vivenda.



ENTES BENEFICIARIOS

- ➔ Administracións públicas, organismos públicos e demais entidades de dereito público; empresas públicas, privadas e público-privadas. Fundacións, empresas de economía social e as súas asociacións, cooperativas de autopromoción ou autoconstrución, organizacións non gobernamentais e asociacións declaradas de utilidade pública. Persoas físicas maiores de idade.



Programa de posta ao dispor de vivendas da SAREB e de entidades públicas para o seu alugueiro como vivenda alcanzable ou social



PROGRAMA: Programa 9 do Plan Estatal de Acceso á Vivenda (PEAV).
Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana
ORGANISMO CONVOCANTE: Instituto Galego de Vivenda e Solo.



<https://www.boe.es/buscar/pdf/2022/BOE-A-2022-802-consolidado.pdf>



OBXECTO

Acelerar a subscrición de convenios entre a Sareb e as CC. AA. ou entidades locais mediante os que a Sareb cede o usufruto de vivendas para alugueiro social.



REQUISITOS

- ✓ As vivendas deberán ser accesibles e estar en condicións de ser habitadas. Só poderán ser arrendadas ou cedidas a unidades de convivencia cunha renda < x3 IPREM.



FINANCIAMENTO

Entre 150 e 175 €/mes por vivenda.
E ata 8.000 €/vivenda ou 75 % do custo se necesita obras de habitabilidade ou accesibilidade.



ENTES BENEFICIARIOS

CC. AA. e entidades locais, así como as súas entidades dependentes ou vinculadas; entidades e fundacións sen ánimo de lucro en cuxos estatutos figure a promoción e/ou xestión de vivendas protexidas.



